

# III OLIMPIÁDA

*Galega de Historia*



24 de maio de 2019  
Estudantado de 4º da ESO de Galicia

Universidade de Vigo

Campus de Ourense  
Campus da Auga Facultade de Historia



M  
E  
M  
O  
R  
I  
A



## Memoria da II Olimpíada galega de Historia. *Fai Historia con Nós*

Tal e como estaba programado, a II Olimpíada galega de Historia tivo lugar o 24 de maio no 4ª andar do Edificio de Ferro, sede da facultade de Historia no campus de Ourense.

A difusión do evento realizouse a través da prensa (Anexo V), a web e as redes sociais da facultade e por un mail dirixido tanto aos participantes na I Olimpíada como ó resto de centros de Secundaria de Galicia.

Á convocatoria concorreron 30 centros de Ensinanza Secundaria de toda Galicia (Anexo I). En consonancia coas bases, cada centro participaba cun equipo formado por catro estudantes e un titor ou titora ([http://historia.uvigo.es/images/docs/alumnado/Bases\\_Olimpiada\\_Historia\\_2019.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/alumnado/Bases_Olimpiada_Historia_2019.pdf)).

A partir do peche do prazo de inscrición ata o día do evento, o decanato da facultade de Historia, mantivo contacto habitual co profesorado que preparaba ao seu respectivo equipo, resolvendo dúbidas e subministrando a información necesaria.

A xornada desenvolveuse tal e como figuraba no programa (Anexo III).

Entre as 9.15 e as 9.45 tivo lugar a entrega da documentación. A cada participante se lle agasallou cunha carpeta que contiña unha libreta, un lapis e USB serigrafiados para esa ocasión (Anexo II), folletos informativos do grao en Xeografía e Historia, un libro de lectura e un certificado nominal de participación. Así mesmo un identificativo co seu nome, o número do equipo e o nome do centro (Anexo III).

O acto de acollida e a inauguración foi realizada pola decana da facultade, a vicerreitora do campus de Ourense e a vicerreitora de captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria. A decana agradeceu a boa acollida da actividade polos centros inscritos e as colaboracións tanto en recursos humanos, como materiais, mencionando a todos os patrocinadores. As vicerreitoras reiteraron a importancia do evento e a elevada participación.

As sucesivas probas eliminatorias sucedéronse entre as 10.30 e as 14.00 horas, con puntualidade e nun magnífico ambiente. Nesta edición, a diferenza da anterior, as catro primeiras roldas leváronse a cabo a través da plataforma “kahoot”. No inicio houbo un momento de impas porque as plataformas non funcionaban correctamente, pero paulatinamente o problema foi resolto, de xeito puntual. Sen dúbida é un aspecto que deberemos mellorar para a vindeira edición. A rolda Final seguiu o formato



tradicional de preguntas e respostas orais , e foi presentada polo catedrático de Historia Contemporánea da facultade, Jesús de Juana.

A media mañá serviuse un petisco, para o estudiantado (un bocata de xamón e queixo, unha auga e unha froita) e para o profesorado e a organización café con leite/zume e bica.

Durante toda a actividade contamos coa presenza do robot da UVigo “E-Vi” que interactuou dun xeito divertido, durante os descansos, coas persoas participantes.

As 14.00h procedeuse á entrega de premios na que participaron a decana da facultade de Historia, Susana Reboreda; a vicerreitora do campus de Ourense, Esther de Blas; a vicerreitora de captación do alumnado, estudantes e extensión universitaria, Natalia Caparrini; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o concelleiro de medio ambiente e transportes do Concello de Ourense, Miguel Prado, e seis estudantes do colexio Padre Feijoo Zorelle, o centro que resultou gañador na I Olimpíada de Historia”..

Os catro equipos que pasaron á semifinal obtiveron premio, outorgando un máis que na I edición. Os premios foron os seguintes, (Anexo IV):

### 1º premio

-Alumnado: 4 tablets e 4 medallas

-Profesorado: Dúas noites para dúas persoas nun balneario da empresa Caldaria, con almorzo e sesión de masaxe incluídos.

-Centro Escolar: 1 trofeo e 1 lote de 20 libros

### 2º premio

-Alumnado: 4 cómics de Historia, 4 vales de 50 euros para un videoxogo e 4 medallas

-Profesorado: Dúas noites para dúas persoas nun balneario da empresa Caldaria, con almorzo e sesión de masaxe incluídos.

-Centro Escolar: 1 trofeo e 1 lote de 20 libros.

### 3º premio

-Alumnado: 4 vales de 50 euros para un videoxogo e 4 medallas.

-Profesorado: Entrada e sesión de masaxe para dúas persoas nas termas de Outariz.

-Centro Escolar: 1 trofeo e 1 lote de 20 libros

### 4º premio

-Alumnado: 4 vales de 50 euros para un videoxogo e 4 medallas.

-Profesorado: Entrada e sesión de masaxe para dúas persoas nas termas de Outariz.

-Centro Escolar: 1 trofeo e 1 lote de 20 libros



Para o desenvolvemento desta actividade o equipo decanal da facultade de Historia contou coa inestimable axuda dun equipo de voluntariado (en total 13 persoas) conformadas por alumnado do centro e doutras titulacións, doutorandas da UVigo e 6 estudantes do centro Padre Feijoo Zorelle de Ourense. A meirande parte deles xa participaron activamente desde o inicio do proxecto, hai que destacar o seu bo facer nun ambiente constante de cordialidade.

A continuación mencionamos ás institucións e empresas patrocinadoras a quen aproveitamos para reiterarlles o noso sincero agradecemento.

- Consello Social da Universidade de Vigo
- Vicerreitoría do Campus Auga da Universidade de Vigo
- Xunta de Galicia
- Deputación Provincial de Ourense
- Concello de Ourense
- Consorcio de Santiago de Compostela
- Empresa Caldaria
- Termas de Outariz
- Grupo Cuevas
- Coren
- Editorial Galaxia
- Fundación Otero Pedrayo

Para rematar, desexamos facer extensivo este agradecemento, de forma expresa, á imprenta da Deputación de Ourense e á Área de Imaxe da UVigo. En ámbolos dous casos, o persoal desenvolveu o seu traballo coa amabilidade e profesionalidade que lles caracteriza.



Como complemento desta Memoria, inclúense os seguintes anexos:

- Anexo I: Listado de centros
- Anexo II: Material de agasallo
- Anexo III: Cartelería e programa
- Anexo IV: Premios, trofeos e medallas
- Anexo V: Dossier de prensa
- Anexo VI: Repertorio fotográfico
- Anexo VII: Orzamento




## ANEXO I. Listado de centros

1	BOLCHEVIQUES	CPR Colexio Plurilingüe Divina Pastora (O Barco)
2	LOS MOSQUETEROS	CPR Colexio Concepción Arenal (OU)
3	OS IRMANDIÑOS	CPR Sagrado Corazón (Celanova)
4	OS DECEMBRISTAS	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro (Silleda)
5	SANTO ÁNGEL	CPR Plurilingüe Sto. Ángel (OU)
6	REVOLUCIONARI@S DE CEA	CPI Virxe da Saleta (Cea)
7	PADRENDA	CPI Padrenda-Crespos (Padrenda)
8	EL QUINTO	IES Gonzalo Torrente Ballester (PO)
9	INVICTUS-CRUNIA	CPR Calasanz PP. Escolapios (CO)
10	A BELLA OTERO	IES Valga (Valga, PO)
11	LABORAL-75	IES Universidade Laboral (OU)
12	ÁRTABROS	IES Fraga do Eume (Pontedeume)
13	DESEMBARCO DE RODEIRA	IES de Rodeira (Cangas)
14	FILIPENSES	CPR Plurilingüe Sagrada Familia (Vilagarcía)
15	IRMANDIÑOS	CPR Escola Rosalía de Castro (Vigo)
16	¡VAMOS!	CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco)
17	OUTUBRISTAS	IES 12 de Outubro (OU)
18	XERACIÓN ESPÍÑEIRA	IES Espiñeira (Boiro)
19	OTERO	IES Ramón Otero Pedrayo (OU)
20	TORRE DE VIANA	IES Carlos Casares (Viana do Bolo)
21	SÁNCHEZ CANTÓN	IES Sánchez Cantón (PO)
22	IES LAGOA DE ANTELA	IES Lagoa de Antena (Xinzo)
23	COLEXIO ALBA	CPR Colexio Alba (Vigo)
24	CARAMIÑA	IES Pedra da Aguia (Camariñas)

# III OLIMPIADA

*Galega de Historia*

24 de maio de 2019  
Facultade de Historia  
Campus de Ourense



25	BLAS DE LEZO	CPR Ntra. Sr. Del Carmen (Fisterra)
26	IES SANXENXO	IES Sanxenxo (Portonovo)
27	PUNTA RODEIRA	IES de Rodeira (Cangas) ESA
28	FRANCISCANAS VIGO	CPR Plurilingüe Mariano (Vigo)
29	FRANCISCO ASOREY	IES Francisco Asorey (Cambados)
30	INSUIÑA	CPR Colexio Santiago Apóstol (Soutomaior)

ANEXO II. Material de agasallo/cada participante





ANEXO III. Cartelería, programa, certificado e identificativo



Cartel



Banner

# II OLIMPIÁDA

*Galega de Historia*



Universidade de Vigo

Campus de Ourense  
Campus da Auga  
Facultade de Historia



Roll-Up

# II OLIMPIÁDA

galega de Historia

*Xxxxxx Xxxxxx Xxxxx*

Participou na II Olimpíada de Historia, celebrada o  
día 24 de maio de 2019  
na Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

Ourense, a 24 de maio de 2019



Susana Reboreda Morillo  
Decana da Facultade de Historia

Universida de Vigo

Facultade de Historia

Diploma de asistencia

# II OLIMPIÁDA

galega de Historia

*Xxxxx Xxxxxxx Xxxxx*

Universida de Vigo

Facultade de Historia

Acreditación

Anexo IV. Trofeos e medallas



Medalla



Trofeo



1º premio



2º premio



3º premio



4º premio

## ANEXO V. Dossier de prensa

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ii-olimpiada-galega-historia-abre-prazo-inscripcion>

INICIO / A UNIVERSIDADE / COMUNICACIÓN / DUVI / A II OLIMPIADA GALEGA DE HISTORIA ABRE O PRAZO DE INSCRIPCIÓN

Cada centro pode participar cun equipo de estudantes de cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria

### A II Olimpíada Galega de Historia abre o prazo de inscrición

A competición celebrárase o día 24 de maio no campus

ETIQUETAS: ESTUDANTES | MEDIOS | PÁG | PDF | PÚBLICO EXTERNO | OURENSE | DIVULGACIÓN | PREMIOS | INSTITUCIONAL



1 / 3 < > Descargar

Adolfo Fernández, Susana Reboreda e Fina Cadilla

ROSA TEDIÑO / DIAS OURENSE / 12/02/2019

Os centros de ensino galegos xa poden inscribirse na II Olimpíada Galega de Historia. Fal Historia con Nós, que organiza a Facultade de Historia do campus de Ourense. Este martes presentouse a convocatoria deste ano, "unha versión mellorada da primeira", na que o alumnado de cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria poderá pór a proba os seus coñecementos ao mesmo tempo que se diverte.

Susana Reboreda, decana da Facultade de Historia, salientou como os bos resultados acadados na edición do pasado ano, a primeira que se celebrou, animaron ao centro a dar continuidade á iniciativa. Os obxectivos da olimpíada, explicou na súa presentación, son promover o interese do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria pola historia, visibilizar a importancia do seu ensino e a aprendizaxe ao mesmo nivel que materias de outros ámbitos de coñecemento e destacar o aspecto lúdico da súa aprendizaxe. A iniciativa tamén quere estreitar as relacións entre os centros galegos e a Universidade de Vigo, dar a coñecer a Facultade de Historia e o campus de Ourense entre o alumnado interesado no ámbito humanístico e fomentar a relevancia das disciplinas humanísticas para a comprensión do mundo actual e a súa mellora. A competición contará coa colaboración de diversas entidades como son o Consello Social da Universidade de Vigo, o Concello e a Deputación de Ourense e empresas como Caldaria e Coren.

<https://www.telemiño.com/video/informativos/presentacion-olimpiada-galega-historia-12-2-19/20190212194812030570.html>



© 14:47 Lunes, 27 de Mayo de 2019

EN DIRECTO | INFORMATIVOS | DEPORTES | TV A LA CARTA

Presentación olimpíada galega de historia 12 2 19



INFORMATIVOS

### Presentación olimpíada galega de historia 12 2 19

12 DE FEBRERO DE 2019 (19:48 H.)

12/02/2019

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2019/02/13/abierto-plazo-participar-olimpiada-historia/0003\\_201902013C4997.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2019/02/13/abierto-plazo-participar-olimpiada-historia/0003_201902013C4997.htm)

## Abierto el plazo para participar en la Olimpiada de Historia

La cita tendrá lugar el 24 de mayo en el campus de Ourense



LA VOZ  
OURENSE 14/02/2019 13:16 H

La facultad de Historia del campus de Ourense organizará, por segundo año consecutivo, la Olimpiada de Historia para alumnos de Secundaria. Susana Reboreda, decana del centro, destacó que los buenos resultados obtenidos en la anterior edición animaron a los docentes a dar continuidad a la iniciativa.

Los objetivos de la olimpiada son promover el interés del alumnado de la ESO por la historia; visibilizar la importancia de su enseñanza y demostrar que está al mismo nivel que materias de otros ámbitos como las ciencias.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/120-escolares-competiron-ii-olimpiada-galega-historia>

INICIO / A UNIVERSIDADE / COMUNICACIÓN / DUVI / 120 ESCOLARES COMPETIRON NA II OLIMPIADA GALEGA DE HISTORIA

A cita celebrouse este venres no campus de Ourense

## 120 escolares competiron na II Olimpiada Galega de Historia

O equipo gañador foi o do CPR Sagrado Corazón de Celanova

ETIQUETAS: ESTUDANTES | MEDIOS | PAS | PDI | PÚBLICO EXTERNO | OURENSE | DIVULGACIÓN | PREMIOS | VISITAS | INSTITUCIONAL



1 / 4



Descargar

A cita celebrouse no Edificio de Ferro

DUVI OURENSE / 24/05/2019



[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/celanova/2019/05/25/historia-conciencia-sociedad-falta-historiadores/0003\\_201905025C4992.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/celanova/2019/05/25/historia-conciencia-sociedad-falta-historiadores/0003_201905025C4992.htm)

OURENSE

## «La historia es la conciencia de la sociedad, hacen falta historiadores»

El Sagrado Corazón de Celanova ganó la Olimpiada gallega en la materia que se celebró en el campus ourensano



MIGUEL VILLAR



ANDAI 117

<https://www.laregion.es/articulo/ourense/los-irmandinos-olimpicos/20190525082214873768.html>

La Región

Ourense

OURENSE - FORO LA REGIÓN - SUPLEMENTOS - UNIVERSIDAD - DEPORTES - MOTOR - GOU - GALICIA - ESPAÑA - ALGARIZ - AL LIRIA - BAGA LIRIA - CELANOVA - MONTEKREI - O RIBEIRO - O CARBALLIÑO - VALDEORRAS

EL TIEMPO

PUBLICIDAD

OLIMPIADA DE HISTORIA

### Los Irmandiños olímpicos

El Campus celebró la segunda Olimpiada Galega de Historia con 120 escolares de 4º de la ESO de toda Galicia, que demostraron sus conocimientos sobre la materia. El campeón se quedó en casa, en Celanova



Un grupo de alumnos durante una de las fases de la competición, en el edificio de Ferro.

ELISABET FERNÁNDEZ 25/05/2019 08:23 H.



Las Olimpiadas no son solo para las ciencias. La facultad de Historia del Campus celebró por segundo año consecutivo la Olimpiada Galega de Historia, en la que 120 alumnos de 4º de la ESO de 30 centros educativos de Galicia demostraron sus conocimientos de la materia. Tras una mañana intensa, los Irmandiños del colegio Sagrado Corazón de Celanova se impusieron en la final, en la que fueron subcampeones los del IES Lagoa de Antela de Xirón.

«É unha defensa marabillosa do que é a nosa rama humanística», defendió la decana de la facultad, Susana Reboredo, al inicio de la competición, que busca promover el interés del alumnado de Educación Secundaria por la historia y visibilizar la importancia de la enseñanza y el aprendizaje de la historia al mismo nivel que materias de otros ámbitos de conocimiento. «É un luxo para esta

<https://www.google.es/amp/s/amp.farodevigo.es/portada-ourense/2019/05/25/olimpiada-galega-historia-campus-ourense/2111722.html>

farodevigo.es » Ourense » Noticias de Celanova

Noticias de Celanova | Noticias de Comarca de Terra de Celanova | Noticias de Ourense

Noticias de Comarca de Ourense

## Olimpiada Galega de Historia en el Campus de Ourense

25.05.2019 | 03:03

120 alumnos de cuarto curso de Educación Secundaria Obligatoria de 30 centros educativos gallegos participaron en el campus de Ourense en la II Olimpiada Galega de Historia. "Fai Historia con Nós", organizada por la Facultad de Historia. El equipo ganador fue el del CPR Sagrado Corazón de Celanova, y subcampeón el IES Lagoa de Antela de Xinzo.



Carlos Peteiro

## ANEXO VI. Repertorio fotográfico

Os días previos...



Recepción e entrega de documentación



## Acto de bienvenida



## Os petiscos



## 1ª Rolda e Final



## A entrega de premios



## O equipo gañador!



## O voluntariado



## ANEXO VII. Orzamento

Equipos gañadores		Xunta	Deputación	Consello Social
1er Premio	800€ 4 Tablet	400€	400€	
2º Premio	68€ 4 Libros+ 200€ 4 Videoxogos	268€		
3º Premio	200€ 4 Videoxogos	200€		
4º Premio	200€ 4 Videoxogos	200€		
Trofeos	59,29€ 4 Trofeos	59,29€		
Medallas	48,40€ 16 Medallas		48,40€	
<b>Profesorado centro</b>				
Gañador	308€ Caixa vacacional (Balnearios Caldaria)			
Segundo	308€ Caixa vacacional	308€		
Terceiro	30,00€ Termas + Masaxe (Termas Outariz)			
Cuarto	30,00€ Termas + Masaxe (Termas Outariz)			
<b>Participantes</b>				
	480,98€ Libretas+142,78€	142,78€		480,98€
	980,10€ Lápices e USB			980,10€
<b>Imprenta</b>	120,00€		120€	
<b>Roll up</b>	145,20€	145,20€		
<b>Cintas identificativos</b>	99,22€ (Facultade Historia)			
<b>Cátering</b>	156€	156€		
<b>Protocolo</b>	59,57€ (Facultade Historia)	120,73€		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>4.556,27€</b>	<b>2.000€</b>	<b>568,40€</b>	<b>1.500€ (1.461,08€)</b>



OUTRAS CONTRIBUCIÓN	
Carpetas	Vicerreitoría do Campus de Ourense
Lote de libros (premio aos centros)	Consorcio de Santiago de Compostela Editorial Galaxia Fundación Otero Pedrayo Área Normalización Lingüística UVigo Profesorado da Facultade de Historia
Auga mineral	Augas de Sousas
Petisco participantes	Coren Grupo Cuevas